



Consello de Galicia

Buenos Aires, 10 de setembro do 1969.-

Sr.

Xavier Alvajar  
17 Quai aux Fleurs  
PARIS IV

Querido amigo:

No noso poder a súa carta do 1º deste mes. Como receén regresa das vacacións atopará traballo dabondo pra seguir o seu traballo logo da pausa merecida de descanso.

Nós informámoslle o seguinte:

**XIRO VIAXE A COLMAR E AGOSTO:** Informame o tesoureriro de que xirou 650 francos. 200 do mes de agosto e 450 dos gastos orixinados polo seu viaxe a Colmar.

**MATERIAL DE INFORMACION:** Saíron tres paquetes contendo material pra súa divulgación. Van máis manifestos; manifestos do Pacto de Galeuzka feitos en Buenos Aires fai anos, pero de valor aínda e libros de Viqueira. En estos días mandaremos máis libros destes pra ver de metelos na Terra.

**NOVAS DIREIÇÕES:** Xa tomamos nota delas pra remitirle CORREO DE GALICIA que cada día é máis pedido do interior.

**XIRO A UNION FEDERALISTA:** Rógalle reitezar o monto a xirar o señor Skedgard indicando en que moeda debemos facer o xiro pois nós estamos un pouco confusos o non saber si debemos xirar en francos ou en moeda dinamarquesa. O ter resposta xiraremos axiña.

**PRESENZA DE REPRESENTANTES NAS REUNIOS:** Creemos que podemos ter xente do interior nas reunións. En tal sentido pensamos que algún home noso de Galicia pode estar presente, aínda que con nome trocado pra impedir represalias. En tal sentido escribimos a Galicia.

**SEÑOR IRUJO:** No vino aínda a Buenos Aires e temos dúbida de que veña xa pois fai moito tempo que xa tiña que haber chegado. O representante vasco aínda non se comunicou con nós. Eu penso velo o martes vindeiro na recepción da embaixada de México e falarei con él sober o particular.

**ESTANCIA NO PAIS VASCO:** Felicítamolo polo traballo feito. Temos que dar unha impresión de presenza viva o fin de que teñan presente a Galicia en calisquer solución ou pacto que se faga. A espera das suas novas saudámolo con agarimo